



# BOP

XOVES, 11 DE ABRIL DE 2019

N.º 084

## DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO. AUGAS DE GALICIA

*Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Ángel Fonte Palmeiro solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria Información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.60277.

As obras solicitadas consisten na autorización e legalización de varias construcións e peches no predio coa referencia catastral 27019C006017310001JM; na zona de policía de dous regos innominados; no lugar de Vilatuíxe, na parroquia de Santa Cilla do Valadouro, no concello de Foz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Foz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quien o deseñe.

Lugo, 03 de abril de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0979

### CONCELLOS

O CORGO

*Anuncio*

**CORRECCIÓN DE ERROS NA CONVOCATORIA PARA CUBRIR, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, SEIS PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DE PERSONAL LABORAL DESTE CONCELLO E APERTURA DE NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

Por Resolución da Alcaldía do 29 de novembro de 2018 aprobáronse as bases para cubrir, mediante concurso-oposición, seis prazas de auxiliar de axuda no fogar de personal laboral deste Concello.

As citadas bases publicáronse no BOP de Lugo nº 281, do 10 de decembro de 2018, abrindose prazo de presentación de instancias, aprobándose as listas provisorias e definitiva de admitidos e excluidos e procedéndose ao nomeamento e constitución do tribunal cualificador, quen acordou fixar como data do primeiro exercicio o día 23 de abril. Todos estes actos foron publicados na forma prevista nas bases.

Con posterioridade detectouse que a base oitava, referente ao sistema de selección e cualificación dos exercicios, concretamente o apartado b), referente á fase de concurso, é incorrecta.

O Art. 56.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que "*o concurso-oposición consiste na superación das probas correspondentes, ás cales será aplicable o previsto na alínea anterior, así como na posesión previa, debidamente valorada, de determinadas condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia.*

*A valoración das devanditas condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo. Co fin de asegurar a debida idoneidade das persoas aspirantes, estas deberán superar na fase de oposición a puntuación mínima establecida para as respectivas probas selectivas.*"

Na base citada, ao outorgar as distintas puntuacións aos méritos a valorar, por erro, non se respectou este límite do 40 % da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.

En consecuencia, procede corrixir a citada base oitava, apartado b), referente á fase de concurso, redactando unha nova base que conteña unas puntuacións que no seu total non superen o 40 % da puntuación máxima do proceso selectivo. Para determinar estas puntuacións respectaranse de xeito aproximado as proporcións establecidas inicialmente para cada apartado, reducíndoas ata alcanzar unha cifra que cumpla coa porcentaxe indicada.

En base ao exposto, por Resolución da Alcaldía do 8 de abril de 2019, acordouse:

1. Corrixir a base oitava da convocatoria, no seu apartado b), fase de concurso, que quedará redactado como se transcribe de seguido, sendo válidos tódolos demais apartados das bases aprobadas e publicadas:

**"b) Fase de concurso**

*Rematada a fase de oposición, o Tribunal procederá a valorar os méritos acreditados polo candidatos que superaron a fase de oposición. En ningún caso o Tribunal valorará as xornadas, nin os méritos que non teñan que ver co posto de traballo que se convoca.*

*Os méritos a valorar son os seguintes:*

*- Experiencia en postos de traballo de Auxiliar de Axuda no Fogar, ata un máximo de 9 puntos, do seguinte xeito:*

*a) Posto de traballo de Auxiliar de Axuda no Fogar desempeñado en calquera administración local ou noutras administracións con competencia neste servizo a razón de 0,10 puntos por mes completo traballado.*

*b) Posto de traballo de Auxiliar de axuda no fogar desenvolvido en empresas privadas, a razón de 0,07 puntos por mes de traballo completo.*

*Entenderase por mes completo traballado 30 días naturais. Se os candidatos acreditan días naturais soltos de traballo, como consecuencia de diversos contratos ou servizos prestados, estes sumaranse ata acadar 30 días naturais (1 mes completo). Se sobrasen días cuxa suma non chegue a 30 días naturais, desprezaranse na puntuación.*

*Se os contratos fose a tempo parcial computarán proporcionalmente ao número de horas desenvolvidas.*

*Só computarán os méritos acreditados na data de finalización de presentación de solicitudes.*

*- Pola realización de cursos de formación relacionados co posto de traballo de Auxiliar de axuda no fogar, ata un máximo de 4 puntos:*

*De menos de 10 horas: 0,10 puntos/ curso.*

*De 11 a 50 horas lectivas: 0,50 puntos/ curso. De 51 a 100 horas lectivas: 1,00 puntos/curso de máis 100 horas lectivas: 1,50 puntos/curso*

*Non computarán os cursos que se realizan para obter o certificado de profesionalidade.*

*- Forma de acreditar os méritos. Cursos non computables.*

*- A documentación acreditativa dos cursos: só se valorán os certificados ou diplomas compulsados sempre que veñan acompañados dunha relación -preferiblemente en letra verdana ou calibri, tamaño 12- no que conste: o nome do curso, o centro que o imparti, o número de horas que ten e a materia global que abrangueu. (Anexo III).*

*Aos efectos de evitar unha documentación innecesaria se indica que non puntuarán:*

*- As xornadas,*

*- Os cursos que non teñan relación directa coas funcións propias dos auxiliares de axuda no fogar,*

*-Os cursos que teñan idénticos contidos, aínda que se desenvolveran en datas distintas. Neste suposto só punturá un deles, que será o de data máis recente.*

*-Os cursos que non figuren na relación que debe acompañar a solicitude.*

*-Os cursos que figurando na relación non conste certificado ou diploma.*

*-Os cursos cuxos certificados ou diplomas non veñan compulsados.*

*- A acreditación da experiencia laboral en xeral: só se valorará si se acompaña do informe da vida laboral achegando a copia do contrato de traballo ou nomeamento como funcionario interino ou certificado expedido pola empresa ou Administración na que se indique o posto de traballo desenvolvido como auxiliar de axuda no fogar, a duración do contrato e se foi a tempo completo ou parcial.*

*Deberá acompañarse necesariamente dunha relación (preferiblemente en letra verdana ou calibri, tamaño 12) na que conste: a data do contrato ou nomeamento como funcionario interino para o traballo de auxiliar de axuda no fogar, así como su duración en días e entidade contratante (Anexo IV).*

- A acreditación da experiencia laboral en entidades privadas: só se valorará se ademáis de aportar a documentación a que se refire o parágrafo precedente, a entidade privada para a que prestou ou presta servizos está ou estivo autorizada e acreditada polo órgano competente da Administración -no periodo ao que se refire o contrato laboral.”

2. Paralizar o procedemento selectivo, deixando sen efecto a data de celebración do primeiro exercicio.
3. Proceder á publicación deste acordo no BOP de Lugo, abríndose un novo prazo de presentación de instancias durante un prazo de 20 días naturais a partir da publicación do extracto desta convocatoria no BOE, e realizando novamente todos os trámites establecidos nas bases.
4. Indicar aos candidatos que xa tiveran presentado a súa solicitude e foran definitivamente admitidos, que non é preciso que presenten novamente a mesma, agás no caso de que desexen aportar novos documentos, en cuxo caso deberán desistir da solicitude formulada e presentar unha nova.

O Corgo, 9 de abril de 2019.- O ALCALDE, José Antonio Ferreiro González.

R. 1039

## FRIOL

### *Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o 1 de abril de 2019, a solicitude de Don José Manuel Varela Arias prestou aprobación provisional á desafectación como ben de uso público de tramo do camiño que figura no Inventario de Bens co núm. Grupo 463-9, núm. de orde dentro do Inventario 463. Segundo a documentación técnica elaborada pola enxeñeira técnica agrícola Dona Iria Villar Sánchez, refírese a desafectación e permuta de pistas, pretendendo arranxar e limpar o trazado de unha delas, e a outra pasaría a ser propiedade de Don José Manuel Varela Arias, que tamén cede ao concello a parcela 83 do polígono 34, e unha pequena franxa da parcela 188 do polígono 46. No mesmo dise que a situación actual da pista para acondicionar é un firme de terra, con bastante vexetación, e cun ancho insuficiente para o bo tránsito de calquera vehículo. A parcela 83 atópase nas mesmas condicións que a pista mencionada con anterioridade. Deberán facerse obras de retirada e apilado de terra, apertura de caixa e base macadam 10 cm, que ascenden a un orzamento, incluído o I.V.E. de 6.206,61€. A superficie cedida por Don José Manuel Varela Arias, ascende a 582 m<sup>2</sup>, a cedida polo concello de Friol a 304 m<sup>2</sup>.

O que se somete ao trámite de información pública, xunto co expediente do que trae razón, polo prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Tamén estará na sede electrónica <http://friol.sedelectronica.es>

No devandito prazo os/as interesados/as poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de non presentarse, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Friol, 2 de abril de 2019.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0980

### *Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o 1 de abril de 2019, a solicitude de Dona Marfa Carmen Adán Ferreiro, prestou aprobación provisional á desafectación como ben de uso público de tramo do camiño que figura no Inventario de Bens co núm. 1068-16, camiño que comeza en CR Guntín e remata en Castro. A desafectación, refírese exclusivamente ao ámbito do camiño situado fora do solo de núcleo rural (305 metros aproximadamente). Todo elo segundo a documentación técnica obrante no expediente, e informes emitidos.

O que se somete ao trámite de información pública, xunto co expediente do que trae razón, polo prazo de un mes, contado a partir do día siguiente ao da inserción deste anuncio o no Boletín Oficial da Provincia. Tamén estará na sede electrónica do Concello friol.

No devandito prazo os/as interesados/as poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de non presentarse, entenderase definitivamente adoptado o acuerdo ata entón provisional.

Friol, 2 de abril de 2019.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0981